



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la situación del proyecto de nueva EDAR en el Concello de A Bola.**

El Plan Hidrológico 2022-2027 incluye actuaciones para la EDAR del municipio de A Bola, con financiación compartida entre la Administración del Estado, que aportaría el 80%, y la administración local, a la que le correspondería el resto. Así, de la inversión total cifrada en 730 00 euros, 584 000 correrían a cargo del Estado y 146 000 del ayuntamiento.

Esta nueva infraestructura es imprescindible para mejorar la calidad de las aguas del río Ourille y reducir su contaminación, ya que el municipio de A Bola lleva mucho tiempo con problemas de saneamiento. La gravedad de la situación llevó a la necesidad, en ocasiones, de prohibir el baño en la zona fluvial de Ponche Barbón, e incluso llegó a afectar al suministro de agua.

Se trata de una actuación que el BNG viene reclamando desde hace años, de hecho, ya en 2022 se registró una consulta al Gobierno exigiendo celeridad y dotaciones presupuestarias suficientes para esta nueva planta depuradora de aguas residuales.

El proyecto fue elaborado por la Confederación Hidrográfica del Miño Sil y remitido al ayuntamiento, según la respuesta del Gobierno al BNG. En dicha información, el Gobierno alegaba que la Xunta recibió el «borrador de Convenio para su ejecución y financiación, sin acuerdo previo alguno». Un motivo que llevó a la CHMS a retirarse meses después, aduciendo que se había pactado «unilateralmente» e indicando que «el Convenio podría haberse valorado previamente si se hubiera mantenido la comunicación para llegar a un acuerdo».

Pese a sus reticencias, en su respuesta al BNG, la CHMS afirmó que «no comunicó al ayuntamiento ni a la Xunta su negativa a participar en la financiación».

Además, recalca que “se mostró sensible al problema de saneamiento que padece el municipio de A Bola y que afecta a la calidad de las aguas del río Ourille, por lo que el



organismo de la cuenca contrató un proyecto de obras de mejora de la Estación Depuradora de Aguas Residuales (EDAR) y colectores de saneamiento del municipio, que fue entregado al Ayuntamiento, que es la administración pública que ostenta plenas competencias en materia de saneamiento».

Al margen de este cruce entre la Administración del Estado y la Xunta, la cuestión es que la EDAR de A Bola sigue pendiente de ejecución pese a figurar en el Plan Hidrológico 2022-2027, con un 80% de financiación del Estado y un 20% del ayuntamiento.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿En qué estado de tramitación se encuentra el proyecto para la mejora de la depuración de A Bola, con un coste total de inversión de 730 000 euros y que figura en el Plan Hidrológico 2022-2027, con una dotación de 584 000 euros del Estado y 146 .000 del ayuntamiento?
2. ¿Ha finalizado la redacción del proyecto? ¿Existe interlocución con el ayuntamiento respecto de la colaboración?
3. ¿Se está negociando la firma del convenio?
4. ¿A qué se debe el retraso en la ejecución de este proyecto necesario para mejorar la calidad de las aguas del río Ourille?
5. ¿Qué plazos maneja el Gobierno para la construcción de la nueva depuradora de aguas residuales, acometiendo la renovación de los colectores?
6. ¿Tiene alguna previsión sobre la fecha de comienzo de las actuaciones de la nueva EDAR?
7. ¿Cuál es el calendario que maneja para la ejecución y duración de las obras?

Madrid, a 26 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

26 JUN. 2025 11:56:29

Entrada **74563**

Sobre a nova EDAR do Concello da Bola

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á situación do proxecto de nova EDAR no Concello da Bola.**

No Plan Hidrolóxico 2022-2027 figura a actuación para a EDAR no municipio da Bola, con financiamento compartido entre a Administración do Estado, que achegaría 80%, e a local, a quen correspondería o resto. Así, do investimento total cifrado en 730.000 euros, 584.000 serían por conta do Estado e 146.000 a cargo do concello.

Esta nova infraestrutura é imprescindible para mellorar a calidade das augas do río Ourille e reducir a súa contaminación, pois o concello da Bola leva moito tempo con problemas en materia de saneamento. A gravidade da situación levou a que fora preciso, en ocasións, prohibir o baño no espazo fluvial de Ponche Barbón, e mesmo chegou a afectar á subministración de auga.

Trátase dunha actuación que o BNG leva reclamando desde fai anos, de feito, xa en 2022 foi rexistrada unha pregunta ao Goberno demandando celeridade e dotacións orzamentarias suficientes para esta nova depuradora de augas residuais.

O proxecto foi redactado pola Confederación Hidrográfica do Miño Sil e remitido ao concello, segundo resposta do Goberno ao BNG. Na devandita información, o Goberno alegaba que a Xunta recibiu o “borrador de Convenio para execución e financiamento, sen acordo previo algún. Motivo que levou á CHMS a descolgarse meses máis tarde alegando que se concertou “unilateralmente” e

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

26 JUN. 2025 11:56:29

Entrada **74563**



indicando que “o Convenio podería valorarse se previamente se mantivese comunicación para chegar a un acordo”.

A pesar das súas reticencias, na resposta ao BNG a CHMS afirmou que “non comunicou ao concello e á Xunta a súa negativa a participar no financiamento”.

Ademais, recalcaba que “era sensíbel á problemática de saneamento que sofre o concello da Bola e que afecta á calidade das augas do río Ourille, motivo polo que o cal o organismo da bacía contratou un proxecto de obras de mellora da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) e de colectores de saneamento do municipio, que foi entregado ao Concello, que é a administración pública que ostenta as competencias plenas en saneamento”.

Á marxe deste cruzamento entre a Administración do Estado e a Xunta, a cuestión é que a EDAR da Bola continúa pendente de execución a pesar de aparecer no Plan Hidrolóxico 2022-2027, con financiamento de 80% a cargo do Estado e de 20% do concello.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. En que estado de tramitación se encontra o proxecto para a mellora da depuración na Bola cun custo total de investimento cifrado en 730.000 euros e que figura no Plan Hidrolóxico 2022-2027, cunha dotación de 584.000 euros por parte do Estado e 146.000 por parte do concello?
2. Finalizouse a redacción do proxecto? Existe interlocución co concello a respecto da colaboración?
3. Está a negociarse a sinatura do convenio?
4. A que se debe o atraso na execución deste necesario proxecto para a mellora da calidade das augas do río Ourille?



5. Que prazos manexa o Goberno para a construción da nova depuradora de augas residuais, acometendo a renovación dos colectores?
6. Ten algunha previsión sobre a data de comezo das actuacións da nova EDAR?
7. Que calendario manexa para a execución e duración das obras?

Madrid, a 26 de xuño de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso